



## **PROGRAMACIÓN DE AULA DE 5º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL**

### **OBXECTIVOS DE COMPETENCIAS BÁSICAS:**

- Coñecer que Deus creou o mundo e que temos que comprometernos a valoralo, respetalo e coidalo como o gran regalo que Deus nos fixo.

-Coñecer que a Biblia é o libro sagrado para os cristiáns, que contén moitas historias de persoaxes bíblicos.

-Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas, desenvolvendo a sensibilidade estética e a capacidade de desfrute das súas diferentes manifestacións e iniciándose na construción de propostas persoais.

-Coñecer, valorar e respectar as diferentes relixións, culturas e os seus patrimonios, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por ningunha causa.

-Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe.

-Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lle permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos cales se relaciona.

-Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

Ó longo dos primeiros días de clase en Educación Infantil lévase a cabo un período de adaptación no que se traballa de unha forma diferente ó resto do curso. Por este motivo, introdúcese a unidade 0 fora do libro do alumno, para utilizala da maneira mais oportuna, tendo en conta as características particulares do novo grupo. Este é o momento idóneo para a presentación de Sara, a pequena pastora que se converterá no fío condutor do proxecto.



<b>CRITERIOS DE AVALIACIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS:</b>  - Identificar as calidades e características máis importantes da Relixión cristián.  -Coñece e aprecia os valores e normas de convivencia.  -Extrae e comprende información de distintos tipos de textos.  -Selecciona, organiza, interpreta e memoriza información.  -Aplica os seus coñecementos para solucionar problemas de vida.	<b>INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN DAS C.B.:</b> Observación sistemática. -Análise das producións dos alumnos -Intercambios orais cos alumnos. -Probas específicas. -Autoevaluación.  A avaliación debe ser: continua, global, individualizada, integradora, cualitativa e orientativa.
---	--

## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 1

(Do 9 de setembro ao 8 de outubro de 2021)

### OBXECTIVOS

1. Valorar a importancia de coidar a natureza.
2. Descubrir o respecto no coidado da natureza e no uso que facemos dela que Deus pide colaboración.
3. Conocer o relato bíblico «Deus coida das flores».
4. Expresar agradecemento a Deus por deixarnos que coidemos os animais e as plantas.
5. Desenvolver o hábito de tirar os papeis á papeleira.

### CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1. Explica a importancia de coidar a natureza.
2. Identifica elementos creados por Deus que debemos coidar.
3. escoita con atención o relato bíblico «Deus coida das flores» e a súa ensinanza.
4. Relaciona distintos personaxes co ser vivo que coida cada un.
5. Adquire o propósito de tirar os papeis á papeleira para coidar a natureza.

### CONTIDOS

- **Importancia de coidar a natureza.**
  - escoita atenta do conto da unidade.
  - Coloreado de elementos da natureza.



- **Deus pide colaboración e respecto no coidado da natureza e o uso que facemos dela.**
  - Recoñecemento de ferramentas para o coidado da natureza.
  - Toma de conciencia da importancia de colaborar no coidado da natureza.
  
- **O relato bíblico «Deus coida das flores».**
  - escoita atenta do relato bíblico e da ensinanza.
  - Valoración da obra de Deus, respectándoa e colaborando no seu coidado.
  
- **Oración de agradecemento a Deus por deixarme coidar os animais e as plantas.**
  - Observación e explicación da ilustración.
  - Expresión dunha oración de agradecemento a Deus coa axuda da expresión corporal.
  
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de tirar os papeis á papeleira.
  - Diálogo sobre a importancia de colaborar no coidado da natureza.

## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresar oralmente sentimentos e emocións.
- Memorizar e recitar poesías, refráns e cancións.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Respetar as normas sociais establecidas con relación ao coidado da natureza.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Crear as súas propias producións artísticas como medio de expresión.
- Participar activamente na audición e interpretación de cancións e obras musicais.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuala.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Resolver o traballo proposto colaborando nun traballo en equipo.
- Expresar e controlar as propias emocións e sentimentos.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Mostrar actitudes de respecto cara á natureza.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 2

(Do 13 de outubro ao 12 de novembro 2021)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Valorar os bos consellos que dan as persoas que nos queren.
2. Descubrir a Deus como o noso Pai que nos coída e nos invita a axudar os demais.
3. Coñecer o relato bíblico «A ovella perdida».
4. Expresar agradecemento a Deus por axudarnos e ensinarnos a coidar os demais.
5. Desenvolver o hábito de axudar a poñer a mesa.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Dialoga sobre o conto da unidade.
2. Recita o contido principal explicándoo mediante un exemplo.
3. escoita con atención o relato bíblico «A ovella perdida» e a súa ensinanza.
4. Identifica os xestos de axuda que aparecen en cada escena.
5. Adquire o propósito de axudar a poñer a mesa para colaborar nas tarefas de casa.

### **CONTIDOS**

---

- **Os bos consellos que dan as persoas que nos queren.**
  - Descrición da escena da ilustración e comprensión do contido respecto ao conto da unidade.
  - Valoración dos bos consellos.
- **Deus é o noso Pai, cóídanos e invítanos a servir os demais.**
  - Pegado de adhesivo da figura de Deus Pai.
  - Sentimento de felicidade ao descubrir que Deus é o noso Pai.
- **O relato bíblico «A ovella perdida».**
  - Interese por descubrir un relato bíblico e a súa ensinanza.
  - Actividade de comprensión do relato: pegar la na ovella e colorear o prado.
- **Oración de agradecemento a Deus por axudarnos e ensinarnos a coidar os demais.**
  - Identificación das viñetas nas que os personaxes se axudan e se coidan.
  - Expresión dunha oración de agradecemento a Deus coa axuda da expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de axudar a poñer a mesa.
  - Identificación dos obxectos que hai que poñer na mesa.

### **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

#### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade.



- Expresar emocións, vivencias e opinións.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Respetar as normas sociais establecidas para mellorar a convivencia.
- Crear un sistema de valores propios basados no coidado aos demais.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Interpretar e valorar esteticamente unha obra de arte.
- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuala.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Adaptar a súa acción e comportamento para previr riscos.
- Descubrir, na súa relación cos demais, as necesidades dos outros, e ser capaz de prestarlles atención e axuda.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 3

(Do 15 de novembro ao 21 de decembro de 2021)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Recoñecer a festa do Nadal.
2. Descubrir que en Nadal os cristiáns celebran o nacemento de Xesús.
3. Coñecer o relato bíblico «Os pastores e o Neno».
4. Expresar agradecemento ao Neno Xesús pola festa do Nadal.
5. Desenvolver o hábito de cantar panxoliñas en Nadal.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Describe a festa do Nadal.
2. escoita con interese a frase que resume o contido que se traballa na unidade.
3. Identifica os personaxes do relato bíblico.
4. expresa alegría polo nacemento do Neno Xesús.
5. Adquire o propósito de cantar panxoliñas para celebrar o Nadal.

### **CONTIDOS**

---

- **A festa de Nadal.**
  - Diálogo sobre a festa de Nadal.
  - Valoración do esforzo ao colorear correctamente os debuxos.
- **En Nadal os cristiáns celebran o nacemento de Xesús.**
  - Identificación de obxectos do Nadal.
  - Valoración da importancia do nacemento de Xesús para os cristiáns.
- **O relato bíblico «Os pastores e o Neno».**
  - Curiosidade por descubrir a ensinanza do relato bíblico.
  - Distinción dos camiños que levan aos pastores ao Neno Xesús e identificación dos regalos que levan.
- **Oración de agradecemento ao Neno Xesús pola festa de Nadal.**
  - Actitude de alegría polo nacemento do Neno Xesús.
  - Expresión dunha oración de agradecemento ao Neno Xesús con axuda da expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de cantar panxoliñas para celebrar o Nadal.
  - Identificación de instrumentos musicais típicos do Nadal.



## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Establecer relacións de comunicación para expresar as súas vivencias e opinións.
- Memorizar e recitar poesías, refráns e cancións.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Coñecer e valorar a importancia para os cristiáns do Nacemento de Xesús.
- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Coñecer trazos propios en relación coa celebración do Nadal.
- Desfrutar e participar nas festas e celebracións do Nadal.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Perseverar e esforzarse aceptando erros e aprendendo deles.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Demostrar cariño e afecto na súa relación cos demais.
- Recoñecer e valorar o afecto que recibe das persoas.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Coñecer a interacción das persoas na natureza na festa cristiá do Nadal.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 4

(Do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Valorar a importancia de formar parte dunha familia.
2. Identificar a Igrexa como a gran familia dos fillos de Deus.
3. Coñecer o relato bíblico «Xesús e os apóstolos».
4. Expresar agradecemento a Deus por ser fillos seus.
5. Querer a familia.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Describe xestos e comportamentos de amor e cariño que se dan nunha verdadeira familia.
2. Identifica a igrexa como lugar de reunión da gran familia cristiá.
3. escoita con atención o relato bíblico da unidade e a súa ensinanza.
4. expresa con alegría unha oración de agradecemento a Deus por ser fillos seus.
5. Adquire o propósito de querer a familia e demostralo.

### **CONTIDOS**

---

- **Importancia de formar parte dunha familia.**
  - Diálogo sobre o conto da unidade.
  - Valoración dos xestos de amor na familia e cos amigos.
- **A Igrexa como a gran familia dos fillos de Deus.**
  - Identificación da imaxe dunha igrexa como lugar de reunión da gran familia cristiá.
  - Interese por coñecer e formar parte da gran familia de Deus.
- **O relato bíblico «Xesús e os apóstolos».**
  - escoita atenta do relato bíblico e a súa ensinanza.
  - Recoñecemento dos apóstolos aos que chama Xesús.
- **Oración de agradecemento a Deus por ser fillos seus e formar parte da gran familia.**
  - Identificación dunha familia que se dispón a entrar nunha igrexa.
  - Alegría por expresar unha oración de agradecemento a Deus con axuda da expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de querer a familia.
  - Actitude positiva polo amor que se recibe da familia.





## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilizar a linguaxe verbal como instrumento de regulación da conduta: identificación e control de emocións.
- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Practicar valores democráticos.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Crear as súas propias producións artísticas plásticas.
- Participar activamente na audición e interpretación de cancións e obras musicais.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Resolver actividades poñendo de manifesto a súa capacidade de percepción visual.
- Favorecer o gusto por aprender.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Identificar, expresar e controlar os seus propios sentimentos e emocións para adecualos ao contexto e á situación.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Realizar observacións para comprender a realidade.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 5

(Do 14 de febreiro ao 11 de marzo de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Recoñecer o coidado que nos dan as persoas que nos queren.
2. Descubrir que Xesús coida as persoas e se preocupa delas.
3. Coñecer o relato bíblico «Xesús cura a filla de Xairo».
4. Expresar agradecemento a Xesús polas persoas que nos coidan e nos aman.
5. Desenvolver o hábito de visitar os amigos cando están enfermos.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. escoita con interese un conto sobre as mostras de amor das persoas que nos queren.
2. Dialoga sobre o contido da unidade: o amor e o coidado cara a outras persoas.
3. Identifica o xesto que realiza Xesús para curar a nena.
4. Diferencia escenas que mostran amor.
5. Comprométese a visitar os amigos cando están enfermos.

### **CONTIDOS**

---

- **O coidado que nos dan os nosos seres queridos.**
  - Diálogo sobre o amor que recibimos das persoas que nos queren.
  - Valoración dos xestos de amor e coidado cara aos demais.
- **Xesús coida as persoas e preocúpase delas.**
  - Explicación do contido a través de imaxes cotiás.
  - Interese por descubrir como coida Xesús as persoas e se preocupa delas.
- **O relato bíblico «Xesús cura a filla de Xairo».**
  - escoita atenta do relato bíblico e reflexión sobre a súa ensinanza.
  - Realización de distintas actividades (coloreado, pegado de papel...) para comprender o contido do relato.
- **Oración de agradecemento a Xesús polas persoas que nos coidan e nos aman.**
  - Expresión corporal dunha oración de agradecemento a Xesús, baseándose en imaxes que reflicten xestos de axuda e amor.
  - Satisfacción ao recitar oracións.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de visitar os amigos cando están enfermos.
  - Alegría ao conseguir o propósito adquirido.



## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresar e comunicar feitos e vivencias.
- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade e como forma de resolver conflitos.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Demostrar suficiente destreza motriz na manipulación dos instrumentos para a creación plástica.
- Manter unha actitude respectuosa cara ás expresións artísticas.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Resolver actividades poñendo de manifesto a capacidade de atención.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Valorar xestos de afecto, cariño e axuda das persoas que o rodean e ser capaz de actuar en consecuencia.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Identificar situacións de interacción positiva co medio.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 6

(Do 14 de marzo ao 8 de abril de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Descubrir o verdadeiro amor no xesto de arriscarse polos demais.
2. Tomar conciencia de que Xesús morre por amor e para salvarnos.
3. Conocer o relato bíblico «A morte de Xesús».
4. Expresar agradecemento a Xesús polo grande amor cara ás persoas.
5. Amar os demais, como o fixo Xesús.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Dialoga sobre a ensinanza do conto da unidade: xestos de verdadeiro amor.
2. Expresa o contido principal da unidade: o amor de Xesús polos demais.
3. Comprende que Xesús morreu por salvar as persoas.
4. Expresa unha oración de agradecemento a Xesús polo grande amor, con axuda da expresión corporal.
5. Adquire o propósito de amar os demais, como o fixo Xesús.

### **CONTIDOS**

---

- **O verdadeiro amor: dar a vida polos demais.**
  - Curiosidade por descubrir a ensinanza do conto da unidade.
  - Identificación dos personaxes do conto, reflexionando sobre a actitude de cada un.
- **Xesús morre por amor e para salvarnos.**
  - Recitado do contido da unidade.
  - Toma de conciencia do grande amor que sente Xesús cara ás persoas.
- **O relato bíblico «A morte de Xesús».**
  - Interese por escoitar o relato bíblico da unidade e a súa ensinanza.
  - Coloreado da cruz que leva Xesús, como símbolo do xesto de amor.
- **Oración de agradecemento a Xesús por dar a vida por amor ás persoas.**
  - Reflexión para poder completar unha oración de agradecemento a Xesús.
  - Expresión de agradecemento a Xesús polo grande amor, coa axuda da expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de amar os demais, como o fixo Xesús.
  - Diálogo sobre situacións nas que se poida cumprir o propósito adquirido.



## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Comprender a información visual do contorno.
- Utilizar a linguaxe verbal como instrumento de regulación da conduta (actitudes e comportamento).
- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Ser consciente do valor da Semana Santa para os cristiáns, mostrando unha actitude de respecto cara á mesma.
- Comprender a realidade social a partir da súa análise.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Interpretar e valorar esteticamente unha obra artística.
- Crear as súas propias producións artísticas.
- Coñecer as obras artísticas e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural cristián.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuala.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Desenvolver actitudes que favorezan o traballo en equipo.
- Ser capaz de buscar solución en relación con algún problema.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Realizar observacións para comprender mellor a realidade.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 7

(Do 19 de abril ao 13 de maio de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Valorar a importancia de rezar a Deus.
2. Descubrir que as persoas rezan a Deus para pedirlle axuda e darlle as grazas.
3. Coñecer o relato bíblico «Daniel rézalle a Deus».
4. Expresar agradecemento a Deus por poder pedirlle axuda e darlle as grazas.
5. Desenvolver o hábito de rezar antes de comer e durmir.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Dialoga sobre a importancia de rezar a Deus.
2. Identifica diferentes tipos de oracións.
3. Imita o xesto que realiza Daniel cando fala con Deus.
4. Escenifica distintos xestos para dirixirse a Deus.
5. Adquire o propósito de rezar antes de comer e durmir.

### **CONTIDOS**

---

- **A importancia de rezar a Deus.**
  - Expresión da ensinanza do conto.
  - Valoración da importancia de poder pedir axuda e saber dar as grazas.
- **As persoas rézanlle a Deus para pedirlle axuda e mostrar agradecemento.**
  - Realización de distintas actividades (coloreado, pegado de papel...) para explicar unha escena relacionada co contido da unidade.
  - Interese por coñecer diferentes formas de dirixirnos a Deus.
- **O relato bíblico «Daniel rézalle a Deus».**
  - Curiosidade por escoitar un relato bíblico e a súa ensinanza.
  - Identificación do lugar onde reza Daniel a Deus a través de actividades de repaso e coloreado.
- **Oración de agradecemento a Deus por poder pedirlle axuda e darlle as grazas.**
  - Realización dun xesto para rezar a Deus.
  - Expresión de grazas a Deus a través dunha oración coa axuda da expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de rezar antes de comer e durmir.
  - Observación e análise de imaxes nas que aparecen nenos rezando.



## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Utilizar adecuadamente as normas que rexen o intercambio lingüístico para colaborar nun traballo en equipo.
- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.
- Expresarse a través da linguaxe corporal.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Comunicarse en distintos contextos.
- Crear un sistema de valores propios basados no respecto.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Demostrar suficiente destreza motriz na manipulación dos instrumentos para a creación plástica.
- Participar activamente na audición e interpretación de cancións e obras musicais.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Perseverar e esforzarse aceptando os erros e aprendendo deles.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Realizar traballos poñendo de manifesto actitudes de esforzo e coidado para conseguir traballos de calidade.
- Participar e colaborar no traballo en equipo.
- Demostrar actitudes de esforzo para conseguir os obxectivos propostos.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 8

(Do 16 de maio ao 3 de xuño de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Tomar conciencia da importancia dos xestos de amor.
2. Recoñecer xestos cristiáns de compartir e de amor aos demais.
3. Descubrir o relato bíblico «Os pans e os peixes».
4. Expresar a Deus peticións para compartir e axudar aos demais.
5. Desenvolver o hábito de axudar á familia.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Sinala os xestos de amor que aparecen no conto.
2. Identifica escenas onde se mostran xestos de amor cristián.
3. escoita con atención o relato bíblico «Os pans e os peixes» e a súa ensinanza.
4. Explica diferentes xestos de manifestación de amor cristián.
5. Adquire o propósito de axudar á familia.

### **CONTIDOS**

---

- **A importancia de realizar bos xestos.**
  - escoita atenta do conto da unidade.
  - Observación e comentario dos xestos de amor que aparecen na ilustración do conto.
- **Xestos cristiáns de compartir e de amor aos demais.**
  - Descrición dos xestos de amor que mostran os personaxes da ilustración.
  - Interiorización da importancia de realizar xestos de amor.
- **O relato bíblico «Os pans e os peixes».**
  - Descrición e comprensión da escena do relato bíblico.
  - Valoración do esforzo que leva consigo realizar con interese as actividades propostas (coloreado, picado...).
- **Oración de petición a Deus para que nos axude a compartir e axudar aos demais.**
  - Identificación de obxectos que os personaxes comparten.
  - Valoración dos xestos de amor cristián.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de axudar á familia.
  - Diálogo sobre escenas que mostran xestos de axuda á familia.





## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Expresar oralmente os sentimentos e emocións que recoñece como propios.
- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Aprender a comunicarse cos demais e comprender o que estes transmiten.
- Dialogar para mellorar a comprensión da realidade.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Expresarse mediante elementos plásticos a través da iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- Cultivar a propia estética mediante a expresión artística e a expresión plástica.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Resolver actividades poñendo de manifesto a súa capacidade de percepción visual e atención.
- Favorecer o gusto por aprender.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Descubrir as propias necesidades e as dos demais.
- Desenvolver actitudes que favorezan o agradecemento.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Realizar observacións para comprender mellor a realidade.



## PROGRAMACIÓN DA UNIDADE 9

(Do 6 de xuño ao 22 de xuño de 2022)

### **OBXECTIVOS**

---

1. Reconocer a importancia das cancións para expresar o noso amor á Virxe María.
2. Descubrir a Virxe María como a súa nai de Xesús e nai nosa.
3. Coñecer o relato bíblico «Presentación de Xesús no templo».
4. Expresar agradecemento á Virxe María por ser a nosa nai.
5. Desenvolver o hábito de cantar á Virxe María.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

---

1. Explica diferentes formas de mostrar amor á Virxe María.
2. Identifica a Virxe María como a súa nai de Xesús e a súa nai de todos os cristiáns.
3. escoita con atención o relato bíblico «Presentación de Xesús no templo» e a súa ensinanza.
4. expresa unha oración de agradecementos á Virxe María con axuda da expresión corporal.
5. Adquire o propósito de cantar á Virxe María.

### **CONTIDOS**

---

- **A importancia das cancións para expresar o noso amor á Virxe María.**
  - Explicación da ensinanza do conto a través das actividades propostas (pegado de adhesivos...).
  - Satisfacción por poder manifestar alegría á Virxe María.
- **A Virxe María, nai de Xesús e nai nosa.**
  - Identificación da imaxe dun corazón como símbolo de amor; picado e pegado de corazóns como mostra de amor á Virxe María.
  - Interese por descubrir a María como nai de Xesús e de todos os cristiáns.
- **O relato bíblico «Presentación de Xesús no templo».**
  - Curiosidade por coñecer un relato bíblico e a súa ensinanza.
  - Explicación do motivo polo que a Virxe María leva ao Neno Xesús ao templo.
- **Oración de agradecemento á Virxe María por ser a nosa nai.**
  - Coloreado das escenas que representan xestos de amor á Virxe María.
  - Alegría por expresar unha oración de agradecementos á Virxe María, mediante a expresión corporal.
- **Desenvolvemento de bos hábitos.**
  - Compromiso de desenvolver o hábito de cantar á Virxe María.
  - Identificación de xestos de amor á Virxe mediante o coloreado do camiño que conduce ata a súa imaxe.



## **PROGRAMACIÓN POR COMPETENCIAS**

### **COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA**

- Representar a través de xogos e dramatizacións.
- escoitar e comprender contos, relatos e producións literarias.
- Expresarse de forma clara e coherente cun vocabulario adecuado á súa idade.

### **COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA**

- Comprender a realidade a partir da súa análise.
- Uso responsable do patrimonio cultural e natural.

### **COMPETENCIA CULTURAL E ARTÍSTICA**

- Disfrutar e participar nas nosas festas populares.
- Interpretar e valorar esteticamente unha obra artística.
- Participar activamente na audición e interpretación de cancións e obras musicais.

### **COMPETENCIA DE APRENDER A APRENDER**

- Resolver actividades poñendo de manifesto a súa capacidade de atención e percepción visual.

### **COMPETENCIA DE AUTONOMÍA E INICIATIVA PERSOAL**

- Identificar e controlar sentimentos e emocións para responder adecuadamente en cada contexto e situación.
- Desenvolver valores persoais como a colaboración.

### **COMPETENCIA NO COÑECEMENTO E INTERACCIÓN CO MEDIO FÍSICO**

- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.



<b>ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA CURSO 2021-2022</b>	
<b>Área/Materia:</b> RELIXIÓN CATÓLICA <b>Etapa, Nivel:</b> INFANTIL 4 ANOS	
<b>Medidas de atención á diversidade</b>	Maior atención y seguemento na comunicación. A Tráves de fotocopiabes de reforzo. Adaptacións das tarefas e outros recursos do proxecto para a diversidade.
<b>Canles de comunicación con alumnos/familias e equipo docente</b>	A través do correo electrónico creado para este fin ( <a href="mailto:grobas.castelao17@gmail.com">grobas.castelao17@gmail.com</a> ) A través dos titores. A través dos correos electrónicos co equipo docente
<b>Plataformas e recursos didácticos</b>	Páxina web do colexio e aula virtual. Recursos das editoriais e material dixitalizado de Relixión e recursos de internet. E material dixitalizado adaptado.
<b>Criterios de avaliación da Área/Materia</b>	Valoración de forma positiva das tarefas enviadas.
<b>CONTIDOS ESENCIAIS</b>	<b>AVALIACIÓN (Procedementos e instrumentos)</b>
A MIÑA FAMILIA, A FAMILIA DE XESÚS	Correos enviados polas familias con fotografías, vídeos o por mediación de escáner dos traballos realizados polos alumnos.
MARÍA NAI DE XESÚS	
O COIDADO DA NATUREZA	
A OVELLA PERDIDA	
XESÚS AMIGO DE TODOS	

## **ADAPTACIÓN PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA A TRÁVES SO DA AULA VIRTUAL. CURSO 2021-2022**

**Área/Materia:** RELIXIÓN CATÓLICA **Etapa, Nivel:** INFANTIL 4 ANOS  
 Primeiro trimestre curso 2021/22

### **Medidas de atención á diversidade**

Maior atención y seguemento na comunicación. . A Tráves de fotocopiabes de reforzo.  
 Adaptacións das tarefas, vídeos e outros recursos do proxecto para a diversidade.



## **Medios de comunicación con alumnos/familias e equipo docente.**

A través do correo electrónico creado para este fin  
( [grobascastelao17@gmail.com](mailto:grobascastelao17@gmail.com))

A través al aula virtual do centro e a través dos titores.

A través dos correos electrónicos co equipo docente.

### **Plataformas y recursos Didácticos**

Recursos das editoriais e material dixitalizado de Relixión y recursos de internet.E  
material  
dixitalizado adaptado.

## **CONTIDOS ESENCIAIS AVALIACIÓN (Procedementos e instrumentos)**

**Coñecer o relato bíblico «A CREACIÓN É OBRA DE DEUS»**, 9 de setembro a 8 de outubro de 2021: visionado da película, en YouTube , en sesións de 20 minutos, a través de aula virtual do centro referente a cada sesión da película, para imprimir na casa con debuxos para colorear.

**ANIMAIS E PRANTAS, UN REGALO PARA COIDAR**, 13 de outubro a 12 de novembro de 2021: Láminas de animais domésticos e salvaxes, diferenzas e similitudes entre eles. Coñecemento de prantas do entorno por medio de imaxes no ordenador. Material fotocopiado de animais e prantas para fotocopiar e colorear.

**GÚSTAME O NADAL!** Do 15 de novembro ao 21 de decembro de 2021: película «O nacemento de Xesús», visionado da película, en YouTube , en sesións de 20 minutos, a través de aula virtual do centro referente a cada sesión da película. Material para descargar e imprimir na casa con debuxos para colorear. Manualidade: orona de Adviento.

## **SEGUNDO TRIMESTRE**

**A FAMILIA**, do 10 de xaneiro ao 11 de febreiro de 2022: A Sagrada Familia, Identificación dos distintos membros da súa familia, material audiovisual cos membros da Sagrada Familia e esceas familiares cotiás. Fichas para colorear da familia.

**O BAUTISMO**, do 14 de febreiro ao 11 de marzo de 2022: o Bautismo de Xesús, O Bautismo de cada un de nos. Amosar na Aula Virtual, fotografías do bautismo de cada neno.



## **TERCEIRO TRIMESTRE**

**APRECIAR O VALOR DE PARTICIPAR NAS FESTAS**, do 14 de marzo ao 22 de abril de 2022: **A Pascua**, material descargable con referencia a Pascua (ovos, coellos, postais ).

**IMOS DE VACACIÓNS**, do 25 de abril ao 22 de xuño de 2022: Película **“Gru, mi villano favorito”**,

### **MATERIAIS:**

- Debuxos
- Película DVD
- CD audio de cancións.
- Fichas descargables

### **Criterios da avaliación da Área/Materia**

Valoración de forma positiva das tarefas enviadas.